

SULCOS

Foi Álvaro de las Casas un *“intelectual poliédrico, multifacético que se desdobrou en profesosr e político e viviu con paixón o soño dunha Galicia nova e liberada, independente, na encrucillada da II República”*. Con estas palabras preséntanos María Cuquejo a unha das voces máis prolíficas de comezos do século XX e ao autor de *Sulco e vento*, poemario que se reedita agora seguindo as dúas edicións de 1931 e 1936. Nel descubrimos a un poeta intimista pero tamén social que exclama: *“Nós faremos a patria/ con os nosos esforzos”* como quen abre un sulco na terra.

Tempos Novos, 99, agosto 2005, p. 70